

XUVENTUDE 2013:
UNHA ESTRATEXIA PARA A
MOCIDADE GALEGA

**2010-2013
INFORME 2010**

XUNTA DE GALICIA



INFORME 2010

**XUVENTUDE 2013: UNHA ESTRATEXIA PARA
A MOCIDADE GALEGA
(2010-2013)**

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
Santiago de Compostela, 2011



**XUVENTUDE
2013**

INDICE

1. PRESENTACIÓN
 - 1.1 Introducción
 - 1.2. Obxectivos
 - 1.3. Metodoloxía
2. VALORACIÓN XERAL
3. ANÁLISE DAS DIFERENTES MEDIDAS
4. ORZAMENTO



1.

PRESENTACIÓN



1.1. INTRODUCCIÓN



O 16 de setembro de 2010 elevouse ao Consello da Xunta de Galicia o Plan *Xuventude 2013: Unha estratexia*

para a mocidade galega.

Este documento foi froito da reactivación da Comisión Interdepartamental de Xuventude que articula e coordina a 137 organismos, os cales directa ou indirectamente programan e poñen en marcha actuacións para a mocidade galega.

Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega contempla 249 medidas relacionadas coa mocidade galega para os anos 2010-2013.

O Plan nace como un documento flexible, aberto a alegacións e propostas de mellora, adaptándose así ás necesidades e demandas dos/as mozos/as en cada momento; reflexo diso son as 12 novas medidas incluídas no ano 2010.

As diferentes medidas artículanse a través de 9 eixos de acción:

1. Educación
2. Emprego
3. Creatividade e espírito empresarial
4. Vivenda
5. Saúde e Deporte

Propios da DX

6. Información e Formación
7. Participación e Asociacionismo
8. Voluntariado
9. Mobilidade



Na táboa que se mostra a continuación obsérvase que das 248 medidas iniciais, 19 non se puideron levar a cabo, tanto por falta de orzamento como porque se retrasou o seu inicio para o 2011, mentres que ás medidas inicialmente propostas se engaden 12 novas medidas.

EIXO		MEDIDAS				
		Iniciais	Novas	Non se levaron a cabo		
				Falta de orzamento	Iniciáronse con posterioridade	Outros motivos
Educación		56	6	2	1	2
Emprego		37	2	0	0	1
Creatividade e espírito empresarial		20	0	0	1	0
Vivenda		14	0	0	0	0
Saúde e deportes		16	1	0	0	0
Propias da DX	Información e formación	47	2	5	5	2
	Participación e asociacionismo	20	0	0	0	0
	Voluntariado	15	1	1	4	0
	Mobilidade	23	0	0	2	3
		248	12	8	13	8

Táboa 1. Resumo das medidas

231 medidas executadas

1.2. OBXECTIVOS

Co seguimento e avaliación de *Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega* preténdese coñecer os efectos producidos coa posta en marcha das diferentes medidas contempladas inicialmente no Plan, así como as que se foron engadindo ao longo do ano 2010 e que por diferentes motivos non figuraban no documento inicial. É dicir, se trata de comprobar ata que punto se acadaron os obxectivos inicialmente plantexados, así como dar conta daquelas actuacións que se modificaron para axustalas o máximo posible ás necesidades e demandas dos mozos e mozas.

A avaliación de cada unha das medidas contéplase concretamente no apartado seguinte.

De maneira xeral o obxectivo concreto de dito seguimento e avaliación é:

1. Coñecer o grao de execución do plan, isto é, que actividades se van desenvolvendo para lle dar cumprimento a este.

Os obxectivos específicos son:

- a. Dar a coñecer os resultados finais de cada medida proposta.
- b. Reflectir as debilidades e oportunidades que condicionaron a obtención destes resultados.
- c. Analizar os aspectos positivos e negativos influentes na implantación das medidas.
- d. Establecer os mecanismos axeitados para a superación dos resultados obtidos.

Os obxectivos evidéncianse a través do procedemento de seguimento e avaliación:

- Seguimento: Grao de execución, a través dun exame constante e intermitente das actuacións que se están a realizar.
- Avaliación: Grao de cumprimento, tanto ao longo do proceso (informes intermedios) como á finalización do mesmo (informes finais).



1.3. METODOLOXÍA

O propio documento do Plan xa contemplaba, no seu apartado 9, os mecanismos de avaliación e seguimento das diferentes actuacións recollidas no mesmo.


Para axilizar a recollida dos datos necesarios para o seguimento e avaliación, deseñouse unha ferramenta que incluía os seguintes datos:

- Entidade
- Acción
- Eixo e obxectivo
- Obxectivos acadados
- Motivos, de ser o caso, da non realización da medida
- Persoas beneficiarias
- Tipo de actividade (cursos, obradoiros, xornadas, estudos, guías, campañas, axudas e bolsas...)

- Orzamento executado
- Continuidade en anos posteriores
- Outras actuacións realizadas non recollidas anteriormente

Posteriormente cada unha das fichas foi enviada aos membros da Comisión Interdepartamental de Xuventude a través dos representantes permanentes de cada departamento ou órgano xestor, nos grupos de traballo constituídos para a elaboración e seguimento do Plan.

Resultado dos datos obtidos elabórase este informe de avaliación e seguimento, que ademais de ser reflexo das actuacións realizadas durante o 2010 a prol da mocidade, tamén quere servir como instrumento que facilite a continuidade e posta en marcha de novas actuacións en anos vindeiros.



2.

VALORACIÓN XERAL



2.1. MEDIDAS EXECUTADAS SEGUNDO OS EIXOS DE ACCIÓN

No 2010 executáronse 231 medidas, das cales 12 son de nova incorporación, levándose a cabo, por tanto, o 90% das actuacións plantexadas inicialmente.




Gráfico 1. Medidas executadas

A maioría das medidas executadas agrúpanse nos eixos de educación e información e formación, acadando un total de 95 medidas, distribuíndose no resto de eixos de maneira similar.

Por outro lado, cabe salientar que o 38% das medidas dependen directamente da DX de Xuventude e Voluntariado e que un total de aproximadamente 135 entidades promoven ou participan, de maneira indirecta, en actividades onde o principal destinatario é a mocidade galega.




Gráfico 2. Distribución das medidas segundo os eixos



Tipos de actividades

Á hora de analizar o tipo de actividade que se realizou en cada unha das medidas tivemos en conta a seguinte clasificación:

- Axudas e/ou subvencións
- Axudas e/ou bolsas
- Cursos, xornadas e outras actividades formativas
- Obradoiros e actividades
- Campañas (informativas, divulgativas...)
- Información e/ou asesoramento
- Publicacións
- Outras

En función desta clasificación, observamos que a maioría de actividades relaciónanse con axudas, bolsas e/ou subvencións, cursos, xornadas, actividades formativas e obradoiros, supoñendo o 72% do total das mesmas.




Gráfico 3. Tipos de actividades

1.2. DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

O potencial de persoas beneficiarias directas das medidas plantexadas no Plan é de 363.895 mozos e mozas galegos/as de entre 14 a 30 anos.

Tendo en conta que unha mesma persoa puido participar en máis dunha actividade ou que actividades como subvencións, campañas informativas, publicacións... teñen un número elevado de persoas beneficiarias indirectas, sinalamos que a participación media foi de 5.343,96 por medida. Así mesmo se desprende que un total de 1.234.455 persoas foron beneficiarias indirectas das actuacións no 2010 a prol da mocidade galega.

A continuación móstranse os datos desagregados de participación segundo sexo, idade, tipo de medida ou actividade



Segundo sexo

Tendo en conta o sexo das persoa participantes, foi maior a participación das mulleres acadando un 63% fronte o 37% dos homes. Se comparamos este dato coa distribución real da poboación na franxa de idade de 14 a 30 anos, observamos que hai un número similar de homes e mulleres, polo que a participación real é maior nas mulleres que nos homes.





Gráfico 4. Distribución de persoas beneficiarias segundo sexo

Gráfico 5. Distribución segundo sexo da poboación de 14 a 30 anos (Fonte: IGE 2010)



Segundo idade

A pesar de non existir diferenzas significativas na participación segundo os diferentes tramos de idade, podemos sinalar que a maior participación dáse entre a mocidade menor de 18 anos (39%) e a maior de 26 anos (35%).

Se comparamos estes datos coa poboación total de idades comprendidas entre os 14 e 30 anos, observamos que a franxa de idade onde é menor a participación (de 19 a 25, 26%) corresponde coa franxa de idade onde máis poboación hai (39%), mentres que onde menos mozos/mozas hai (menos de 18 anos, 22%) é onde a participación é máis alta (39%). Polo que, podemos afirmar que os maiores índices de participación se dan na mocidade menor de 18 anos.





Gráfico 6. Distribución de persoas beneficiarias segundo tramos de idade

Gráfico 7. Distribución segundo sexo da poboación de 14 a 30 anos (Fonte: IGE 2010)



Segundo sexo e idade

Analizando as dúas variables (sexo e idade) observamos que a maior participación dáse nas mulleres menores de 18 anos (32%), seguido das mulleres con idades comprendidas entre os 19 e 25 anos (19%), mentres que os homes maiores de 26 anos (11%) e menores de 18 anos (12%) terían os índices de menor participación.

Se facemos a comparativa coa poboación total, destacamos que nos casos onde observabamos máis participación é nas franxas onde menos poboación hai (12% de mulleres menores de 18 anos e 11% de mulleres de entre 19 e 25 anos). Afirmando, entón, que os maiores índices de participación danse en mulleres de entre 14 a 25 anos.




Gráfico 8. Distribución de persoas beneficiarias segundo sexo e idade




Gráfico 9. Distribución segundo sexo e idade da poboación de 14 a 30 anos (Fontes: IGE 2010)



Segundo tipo de medida

Tendo en conta o número medio de persoas que participaron nas medidas dos diferentes eixos, observamos que hai un maior número de participantes no eixo de saúde e deportes e no de participación.

Eixos	Nº de Usuarios Directos	Nº de Usuarios Indirectos (campañas, promoción e difusión, convenios)	Nº Entidades*
Educación	119.190	149.270	831
Emprego	27.425	74.011	62
Creatividade	22.652	124.231	218
Vivenda	19.045	-	-
Saúde e Deportes	13.504	794.262	-
DXXV Información e Formación	100.529	51.000	300
DXXV Participación e Asociacionismo	16.190	-	170
DXXV Voluntariado	2.585	11.000	350
DXXV Mobilidade	8.162	31.681	40
Xestión da rede de espazos (residencias xuvenís, albergues, campamentos...)		33.920	
TOTAL	363.202	1.235.455	1.971

* Concellos, Centros educativos, Asociacións, Organismos, Empresas, etc

**O número de usuarios comprende aqueles que poideron participar en medidas de diversos eixos

Tabla 2: Distribución de persoas participantes en

cada un dos eixos

Segundo tipo de actividade

As actividades cun maior número de persoas beneficiarias foron as campañas informativas, divulgativas... (29%), axudas e/ou subvencións (21%) e as actuacións información e asesoramento (21%), xa que son actividades que a priori permiten o acceso a un maior número de persoas




Gráfico 10: Distribución de participantes segundo o tipo de actividades



3.


AVALIACIÓN MEDIDAS



EIXES TRANSVERSAIS

EIXO DE ACCIÓN 1

EDUCACIÓN



OBXECTIVO OPERATIVO 1

Dotar os centros educativos dos recursos e materiais necesarios para o bo desenvolvemento das actuacións e actividades relacionadas coa mocidade e o seu desenvolvemento

Medida 1: Plan de mellora de bibliotecas escolares

D.X. de Centros e Recursos Humanos (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 48.000

Tipo de actividade: Outras
(Actualización e ampliación de equipamentos)



Obxectivos acadados:

Actualización do equipamento e dotacións das Bibliotecas Escolares de Galicia, así como do apoio ás actividades para o fomento da lectura e a educación en información.

Medida 2: Incentivos a clubs de lectura en centros de ensino secundario

D.X. de Centros e Recursos Humanos (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 5.000

Tipo de actividade: Outras
(Actualización e ampliación de equipamentos)

Obxectivos acadados:

Consolidación de hábitos de lectura e mellora da comprensión e das habilidades lectoras entre o alumnado de centros de ensino secundario.



OBXECTIVO OPERATIVO 2

Apoiar a mobilidade, no eido autonómico, estatal e internacional, da mocidade que cursa ensinanzas universitarias e non universitarias para poder completar a súa formación e experiencia

Medida 1: Bolsas de formación en cooperación ao desenvolvemento

D.X. de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza)

Persoas beneficiarias: 14

Obxectivos acadados:

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Formación de titulados/as universitarios/as en cooperación para o desenvolvemento.



Medida 2: Bolsas para estudos de especialización sobre UE

Fundación Galicia Europa

Persoas beneficiarias: 3

Obxectivos acadados:

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Coñecemento, por parte de titulados/as universitarios/as da UE a través de estadias de especialización no Colexio de Europa, Universidade Libre de Bruxelas (ULB), Universidade Católica de Louvain (KUL) e Universidade Católica de Louvain (KUL).



Medida 3: Tour Europa de Coreógrafos

Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC)

Persoas beneficiarias: 2

Obxectivos acadados:

Tipo de actividade: Cursos

Formación continuada de coreógrafos Programa Leonardo da Unión Europa.



Medida 4: Axudas para estadias en países da UE para coñecer a súa lingua

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 100

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Aprendizaxe ou perfeccionamento dun idioma da Unión Europea, así como fomento da mobilidade xuvenil.

Medida 5: Bolsas para actividades formativas de curta duración

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Fomento do contacto entre estudantes do Sistema Universitario de Galicia e a realidade práctica de fóra da comunidade.

Medida 6: Axudas complementarias Erasmus

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 1.290

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Apoio ao alumnado universitario galego participante no programa comunitario de mobilidade Erasmus e Suiza, seleccionados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia ou polos centros asociados da UNED en Galicia.



Medida 7: Plan de transporte metropolitano

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Persoas beneficiarias: 20.244

Tipo de actividade: Outras



Obxectivos acadados:

Facilitar a mobilidade metropolitana, a través de bonos para distintos colectivos, entre os que se atopan os estudantes matriculados en centros oficiais.

MEDIDA NOVA

Medida 8: Coñecemento da Unión Europea

Fundación Galicia Europa

Persoas beneficiarias: 1400

Tipo de actividade: Actividades



Obxectivos acadados:

Facilitar o coñecemento sobre a Unión Europea mediante a realización das seguintes actividades relacionadas coa Unión Europea:

- Campaña “Sabe o que a Europa Social pode facer por vostede?” (establecemento dun stand informativo onde se distribuíu material divulgativo e asesoramento sobre bolsas e oportunidades de formación en Europa).
- Concurso fotográfico e mostra “Loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia”.
- Exposición “Galicia Innovadora e Creativa” (amosar os froitos do progreso e do desenvolvemento acadado nos últimos anos en Galicia).
- Montaxe dun crebacabezas xigante da UE e lectura pública da Carta de Dereitos Fundamentais da UE en conmemoración do Día de Europa.

OBXECTIVO OPERATIVO 3

Facilitar a formación, intercambio de experiencias e actividades de lecer entre a mocidade galega residente no exterior e/ou descendente de galegos

Medida 1: Bolsas destinadas á cidadanía galega residente no exterior para a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de formación profesional en Galicia

Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 26

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas



galiciaaberta.com

Obxectivos acadados:

Facilitar a posibilidade de realización de estudos en calquera universidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), de intercambios universitarios ou estudos de formación profesional en centros de ensino públicos ou privados concertados, por parte de emigrantes galegos residentes no exterior e os seus descendentes ata o segundo grao de consanguinidade.

Medida 2: Axudas a subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a realización de proxectos promovidos pola mocidade

Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 57 entidades

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados

- Obter formación específica dos mozos e mozas na xestión das entidades galegas
- Facilitar os intercambios xuvenís de grupos de mozos e mozas pertencentes ás comunidades galegas para a realización de actividades culturais, musicais, deportivas e sociais.
- Proporcionar formación específica dos mozos e mozas para o coñecemento e emprego das novas tecnoloxías da comunicación.
- Promoción de actividades deportivas, en calquera especialidade, e fomento das escolas deportivas para a promoción do deporte de base.
- Creación e apoio de grupos de teatro, música e danza.
- Facilitar a realización de actividades culturais (cursos, ciclos de conferencias, mostras, ciclos de cine galego ou de teatro, concertos) destinadas especificamente ao colectivo de mozos e mozas da colectividade.
- Creación de foros de debate e intercambio cultural entre mozos da emigración e mozos galegos, así como entre intelectuais, científicos e expertos en diversos eidos de Galicia e do país onde estes foros teñan lugar.

Medida 3. Axudas correspondentes ao programa de actividades de campamentos e campos de traballo

Secretaría Xeral da Emigración (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 358

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Apoio á participación en actividades de campamento e campos de traballo en Galicia para a nosa mocidade no exterior, fortalecendo o intercambio de experiencias e a interculturalidade, así como o achegamento á nosa realidade.



OBXECTIVO OPERATIVO 4

Contribuír e incentivar a formación da xente nova universitaria para completar e complementar os seus estudos

Medida 1. Préstamos a estudantes universitarios

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 10

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Incrementar os recursos económicos dos estudantes universitarios a través do financiamento dos xuros dos préstamos.

Medida 2. Axudas a asociacións de estudantes universitarios

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 11 asociacións

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Favorecemento do asociacionismo no ámbito universitario e potenciación das actividades que as devanditas asociacións organicen.



Medida 3. Axudas para asistencia a congresos

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 47

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar a obtención de novos coñecementos e perfeccionar a formación académica do alumnado universitario.

Medida 4. Axudas de carácter especial (ámbito universitario)

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 34

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Paliar a insuficiencia de recursos do alumnado de ámbito universitario que ten unha necesidade urxente debido a causas sobrevidas e imprevistas.

Medida 5. Premios fin de carreira

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 54

Tipo de actividade: Outras (premios)

Obxectivos acadados:

Recoñecemento expreso da excelencia académica do alumnado universitario do Sistema Universitario de Galicia.



OBXECTIVO OPERATIVO 5

Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación e métodos audiovisuais como complemento da formación formal e non formal da mocidade

Medida 1. Centro Multimedia de Galicia-Rede Cemit

Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 19.605

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Achegar á cidadanía as novas tecnoloxías dando a posibilidade de formarse e mellorar os seus coñecementos gratuitamente en diversas áreas ou servizos das redes (orientación laboral, redes sociais, lecer...).

CeMIT

Medida 3. Novas emocións, novos espectadores

Centro Galego de Artes da Imaxe

Persoas beneficiarias: 334

Tipo de actividade: Xornadas

Obxectivos acadados:

Achegar aos mozos e mozas ao cine como creación artística para que aprendan a analizar os procesos creativos de arte cinematográfica e aprendan a gozar dende a aproximación sensible ao cine, ás materias, formas e emocións.

CGAI  CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE



Medida 4. Programa E-Twinning

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 189

Tipo de actividade: Formación



Obxectivos acadados:

Traballo en rede para a realización de proxectos educativos en colaboración con profesorado doutros países.

OBXECTIVO OPERATIVO 6

Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nas diferentes actuacións educativas e nas actividades de lecer

Medida 1. Dinamización do compromiso coa igualdade entre mulleres e homes

Secretaría Xeral de Igualdade (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 435 persoas (261 mozas e 174 mozos) pertencentes a 29 concellos galegos

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Dinamización do compromiso coa igualdade así como a prevención da violencia de xénero, a través de:

- Mellorar a percepción social sobre a igualdade entre mulleres e homes.
- Mellorar as condicións sociais e culturais de partida para as mulleres e fomentar a súa participación.
- Fomentar o desenvolvemento de medidas de prevención e tratamento integral contra a violencia exercida sobre as mulleres.
- Fomentar a formación en igualdade e a corresponsabilidade da poboación infantil e xuvenil.
- Impulsar a transversalidade de xénero no ámbito municipal.

Mulleres en Galicia



Medida 2. Programa de información e asesoramento ás mulleres Secretaría Xeral de Igualdade (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 41.649

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Mantemento e dinamización dos centros de información a muller nos concellos galegos, ademais de realizar tarefas de formación.

Medida 3. XII Foro Galego educando na igualdade: Por outra Mirada: O papel social do ensino e os medios de comunicación fronte á violencia de xénero Secretaría Xeral de Igualdade (Presidencia)



Persoas beneficiarias: 350

Tipo de actividade: Xornadas

Obxectivos acadados:

Sensibilización da comunidade educativa para axudar a prever a violencia en todas as súas, así como facilitar a toma de conciencia da comunidade escolar.

Medida 4. XI Xornada Galega de nais e pais: Educando na Igualdade Secretaría Xeral de Igualdade (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 235

Tipo de actividade: Xornadas

Obxectivos acadados:

Participación en igualdade fomentando a comunicación e o diálogo entre as persoas responsables dos/as nenos/as, reflexionando sobre os estereotipos de xénero nos que se sustentan decisións e expectativas de futuro para nenas e nenos.



OBXECTIVO OPERATIVO 7

Posibilitar unha oferta educativa, formativa e de lecer en lingua galega para a mocidade

Medida 1. Accións de potenciación do uso da lingua galega entre a mocidade como garantía de cohesión social e de integración da xente nova

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 88.016

Tipo de actividade: Obradoiros, concertos, xincanas, representacións teatrais, actividades virtuais e cursos de formación en lingua galega para estranxeiros

Obxectivos acadados:

Promoción do uso do galego entre a mocidade galega dende os Equipos de Dinamización da Lingua Galega dos centros educativos de Galicia mediante o desenvolvemento de diversas accións formativas e lúdicas.

Equipos de
dinamización da
lingua galega

Medida 2. Accións de fomento e reforzo da competencia en lingua galega dirixidas á mocidade, así como actitudes favorables ao seu uso

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 10.000

Tipo de actividade: Cursos presenciais e en liña de aprendizaxe da lingua galega e cursos de verán de lingua e cultura para estranxeiros

Obxectivos acadados:

Fomento da competencia en lingua galega, mediante o desenvolvemento de cursos preparatorios para as probas de acreditación do certificado de lingua galega (Celga) nos diferentes niveis, e cursos de verán de lingua e cultura galegas desenvolvidas polo Sistema Galego de Universidades.



Medida 3. Accións de dinamización do uso da lingua galega entre a mocidade e favorecemento dos espazos de lecer en galego

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 15.000

Tipo de actividade: Obradoiros, concertos, concursos, xincanas, representacións teatrais e actividades virtuais



Obxectivos acadados:

Dinamización da lingua galega entre a xuventude, a través de 198 actividades dirixidas á mocidade, no marco do programa de dinamización lingüística Bocaberta e 73 actividades de transmisión interxeneracional en galego nas familias novas con bebés, no marco do programa de dinamización lingüística Os Axóuxures.

Medida 4. Apoio a creación de produtos e recursos en galego de interese para a mocidade

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 100.000

Tipo de actividade: Campañas (material de divulgación e de aprendizaxe da lingua e da literatura galegas e obras de literatura xuvenil)

Obxectivos acadados:

Difusión de produtos e recursos en galego a través da realización dunha exposición de secundaria e guía didáctica sobre as letras galegas, así como a edición de publicacións e recursos no marco do programa Bocaberta.

Medida 5. Creación de soportes diversos en galego

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 34.000

Tipo de actividade: Publicacións

Obxectivos acadados:

Edición e divulgación da revista deseñada Galimatías e de diversos libros e webs de interese para a xuventude.



OBXECTIVO OPERATIVO 8


Programar e poñer en marcha diferentes actuacións e actividades relacionadas coa transversalidade na educación, como pode ser a prevención de riscos, sensibilización ambiental, educación para o consumo, prevención do fracaso escolar

Medida 1. Escola de Prevención de Riscos Laborais

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

Persoas beneficiarias: 1.754

Tipo de actividade: Obradoiros



Obxectivos acadados:

Fomentar a cultura da prevención de riscos laborais entre a poboación escolar galega mediante a posta en marcha de actuacións de formación e difusión en prevención de riscos laborais, no marco dunha Escola de Prevención dirixida á poboación escolar na que se da atención formativa e consulta de materiais, servizo de información e consulta, obradoiros e actividades co apoio de material didáctico.

Medida 2. Axenda 21 escolar de Galicia

D.X. de Sostibilidade e Paisaxe (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Persoas beneficiarias: 810

Tipo de actividade: Obradoiros, asesoramento e formación

Obxectivos acadados:

Avanzar na participación do alumnado na sostibilidade do seu centro e do seu entorno grazas aos proxectos de Axenda 21 escolar de Galicia.



Medida 3. Proxecto Climántica

D.X. de Sostibilidade e Paisaxe (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)

Persoas beneficiarias: 985

Tipo de actividade: Cursos



Obxectivos acadados:

Sensibilizar ao alumnado de centros de primaria e secundaria da problemática do cambio climático.

Medida 4. Campamentos urbanos de sostibilidade e paisaxe

D.X. de Sostibilidade e Paisaxe (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)

Persoas beneficiarias: 131

Tipo de actividade: Actividades (campamentos)

Obxectivos acadados:

Conseguir a participación da poboación infanto-xuvenil na problemática ambiental do seu concello.

Medida 5. Premios cooperativismo no ensino

Consello Galego de Cooperativas

Persoas beneficiarias: 5.347

Tipo de actividade: Outros (premios)



Obxectivos acadados:

Fomento da realización de actividades de divulgación e promoción do cooperativismo no ámbito dos centros educativos.

Medida 6. Programa Portos Xacobeos

Consellería do Mar e Consellería de Cultura e Turismo

Tipo de actividade: Actividades

Obxectivos acadados:

Achegar á poboación (principalmente a infancia e a mocidade) as diferentes rutas xacobeas, a través de actividades culturais e artísticas.



Medida 7. Premios aos proxectos de educación para o consumo na escola desenvolvidos no marco da rede de educación ao consumidor

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Formación do Profesorado (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Centros beneficiarias: 11 Centros educativos

Tipo de actividade: Outros (premios)

Obxectivos acadados:

Potenciar a formación do alumnado galego en temáticas relacionadas co consumo responsable, fomentando unha actitude crítica ante o consumo e comprometida co entorno.

Medida 8. Consumopolis

Subdirección Xeral de Ordenación Universitaria e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 95

Tipo de actividade: Outros (premios)

Obxectivos acadados:

Premiados 8 centros en relación ao consumo responsable e a calidade de vida.

Medida 9. Programa de apertura de centros educativos públicos fóra de horario lectivo

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 163 concellos e 700 familias

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar a conciliación da vida persoal e laboral a través dunha liña de subvencións para os concellos galegos co fin de cofinanciar o Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo.



Medida 10. Meteoescolas MeteoGalicia. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)

Persoas beneficiarias: 108 centros educativos

Tipo de actividade: Formación



Obxectivos acadados:

Proporcionar un coñecemento máis cercano da metereoloxía ao alumnado galego, así como a comprensión de fenómenos como o cambio climático.

Medida 11. Xornadas informativas en campamentos-campaña de recollida selectiva de praias

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)

Persoas beneficiarias: 500

Tipo de actividade: Campañas
(Información e concienciación)



Obxectivos acadados:

Incrementar a concienciación da mocidade e promover a súa colaboración na separación de residuos, non só nos seus fogares, senón tamén nas praias e zonas anexas que frecuentan durante os meses de verán.

Medida 12. Mergullándose nas illas atlánticas

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 2.054

Tipo de actividade: Outras (Visitas)

Obxectivos acadados:

Achegar o Parque Nacional aos mozos e mozas para integrar o Parque dentro das actividades educativas, a través de dinámicas de educación ambiental, visitas a illa...



Medida 13. Rutas nas illas

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 3.913

Tipo de actividade: Outras (Visitas)

Obxectivos acadados:

Achegar os valores do Parque Nacional a través dunha experiencia interpretativa de primeira man e consolidar un servizo de rutas guiadas interpretativas, nas que participa xente moza.

Medida 14. Integrándonos nas illas

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 331

Tipo de actividade: Outras (Visitas)



Obxectivos acadados:

A través dun convenio de colaboración con “Solidarios Anónimos” difúndense os valores deste Parque entre os colectivos de difícil integración na sociedade.

MEDIDA NOVA

Medida 15. Exposición sobre metereoloxía

MeteoGalicia. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)

Persoas beneficiarias: 12 Institutos de Educación Secundaria

Tipo de actividade: Actividades (exposicións)



Obxectivos acadados:

Facilitar o coñecemento da metereoloxía e o clima na nosa Comunidade a través da posta en marcha dunha exposición itinerante polos centros educativos sobre temas climatolóxicos.



MEDIDA NOVA

Medida 16: Coñece as illas atlánticas

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 1.459

Tipo de actividade: Outras (Visitas)

Obxectivos acadados:

Realización dunha pequena charla de achegamento ao Parque Nacional, a través de dinámicas de ecosistemas, proxección dun vídeo sobre fondos mariños, dinámicas de impacto e concursos.

MEDIDA NOVA

Medida 17. Actividades solicitadas ao Parque Nacional

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 1.161

Tipo de actividade: Outras (Visitas)

Obxectivos acadados:

Posta en marcha de actividades concertadas con grupos organizados a través do formulario de solicitude correspondente (rutas guiadas, charlas...).

MEDIDA NOVA

Medida 18. Apoio de actividades especiais

Parque Nacional MT Illas Atlánticas de Galicia. D.X. de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 1.600

Tipo de actividade: Outras (Visitas)

Obxectivos acadados:

Realización de actividades concertadas por grupos organizados a través de solicitudes e programas presentados polos concellos ou congresos especializados.



OBXECTIVO OPERATIVO 9

Fomentar entre a mocidade a continuidade dos seus estudos a través de cursos de especialización ou formación profesional para facilitar o achegamento ao mundo laboral

Medida 1. I Campionato galego de formación profesional Galicia Skills

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
(Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 25

Tipo de actividade: Outras (campionato)



Obxectivos acadados:

Participación dos centros educativos de formación profesional de Galicia nas seguintes especialidades de peiteado, deseño web, PC e soporte de rede, pintura de vehículos, reparación de carrozarías de vehículos, tecnoloxía do automóbil, cociña, tecnoloxía de moda, coidados de beleza, ebanistaría, carpintaría e servizos de restaurante e bar.

Medida 2. Bolsas para Másters Universitarios

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 50

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Contribuír á especialización dos estudantes na súa formación académicas profesional ou investigadora.

Medida 3. Master de Economía Pesquera

D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar)

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Apoiar a formación náutico-pesqueira e promover as ensinanzas do sector.



Medida 4. Axudas económicas para a formación nas escolas náuticas

Consellería do Mar

Persoas beneficiarias: 182

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Apoio económico para a realización de estudos náuticos-pesqueros e prácticas en empresas.



Medida 5. Curso de técnico en acuarioloxía mariña litoral e tropical

Consellería do Mar e Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Persoas beneficiarias: 22

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Incrementar o coñecemento e a formación nestas materias entre o alumnado a través da realización de estudos náuticos e marítimo-pesqueiros.

Medida 6. Xornadas portas abertas

Consellería do Mar

Persoas beneficiarias: 1.768

Tipo de actividade: Campañas

Obxectivos acadados:

Facilitar o coñecemento dos centros da Consellería do Mar co fin de conseguir a captación de alumnado e poñer en coñecemento do sector pesqueiro as titulacións que se imparten nestes centros.



OBXECTIVO OPERATIVO 10

Fomentar entre a mocidade galega o coñecemento de idiomas, coa finalidade de que o alumnado adquira unha competencia plurilingüe e destrezas comunicativas interculturais

Medida 1. Axudas dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 3.077

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Facilitar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros incrementando as oportunidades dos mozos e mozas, a través de estadias do alumnado tanto no estado como no estranxeiro.

Medida 2. Plan de seccións bilingües

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 23.128

Tipo de actividade: Outras

Obxectivos acadados:

Reforzo da aprendizaxe da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na área, materia ou módulo en que se desenvolve, así como a adquisición da terminoloxía específica.

Medida 3. Programa Cuale

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 2.500

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Fomentar o plurilingüismo a través da realización de cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros educativos.

Programa Cuale



Medida 4. Centros plurilingües

Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado e Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 2.525

Tipo de actividade: Outras

Obxectivos acadados:

Mellorar as ensinanzas de idiomas.

OBXECTIVO OPERATIVO 11

Promover a modernización da educación formal a través da integración das TIC na práctica educativa

Medida 1. Proxecto Abalar

D. X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 14.500

Tipo de actividade: Outras

Obxectivos acadados:


Maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e a modernización do ensino que suporá a conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais.



EIXES TRANSVERSALS

EIXO DE ACCIÓN 2

EMPREGO



OBXECTIVO OPERATIVO 1

Fomentar a inserción laboral dos mozos e mozas a través de diferentes programas e incentivos para a súa contratación

Medida 1. Incentivos á contratación por conta allea da mocidade galega

D. X. de Promoción do Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 2449

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Mellorar a empregabilidade da xuventude galega mediante o fomento da contratación de mozos e mozas de trinta ou menos anos de idade por parte das empresas, tanto a contratación indefinida inicial, como a transformación de contratos temporais en indefinidos e a contratación temporal dos mozos e mozas en situación de risco ou en risco de exclusión social.

Medida 2. Programas de cooperación con entidades locais

D. X. de Promoción do Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 1.720

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Mellorar a empregabilidade dos traballadores contratados.

Medida 3. Programas de cooperación con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro


D.X. de Promoción do Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 494

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Mellorar a empregabilidade dos traballadores contratados.



Medida 4. Subvencións a pequenos comerciantes individuais autónomos que abandonen a actividade comercial (IN216A)

D.X. de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

Persoas beneficiarias: 40

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Fomentar a remuda xeracional e a incorporación da xuventude ao tecido comercial, a través de axudas a comerciantes que abandonen a súa actividade empresarial.

Medida 5. Programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo

Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social.

DX. de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar)

Tipo de actividade: Información e/ou asesoramento

Obxectivos acadados:

- Fomentar o emprego en cooperativas e sociedades laborais.
- Mellorar a competitividade en cooperativas e sociedades laborais.
- Impulsar proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica.
- Fomentar o acceso á condición de socios/as traballadores/as.
- Promover o cooperativismo.

Medida 6. Axudas para a contratación de xestores en exportación (IG166)

Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe)

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas



Obxectivos acadados:

Incentivar a contratación de profesionais xestores de exportacións durante o primeiro ano de vixencia do contrato laboral incrementando as oportunidades neste ámbito.

OBXECTIVO OPERATIVO 2

Establecer liñas de axuda para a modernización e dinamización dos negocios rexentados pola mocidade

Medida 1. Subvencións a titulares de obradoiros artesanais (IN201G)

D.X. de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

Persoas beneficiarias: 109

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Fomentar o desenvolvemento do sector artesanal galego, a través de subvencións ás persoas titulares de obradoiros artesanais de Galicia.

Medida 2. Creación e expansión de cadeas sucursais, de mellora de establecementos comerciais e a súa imaxe

D.X. de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

Persoas beneficiarias: 294

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Mellorar o establecemento comercial e a súa imaxe.

Medida 3. Modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia

D.X. de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

Tipo de actividade: Outras

Obxectivos acadados:

Dinamizar o sector a través da modernización e implantación de comercios situados en zonas rurais de Galicia.



OBXECTIVO OPERATIVO 3

Facilitar a adquisición das competencias necesarias para axilizar a incorporación da mocidade a un emprego estable e de calidade

Medida 1.a. Convenios de colaboración con colexios profesionais:
Colexio profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 8.100

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Realización de accións de formación, dirixidas aos profesionais das TIC co fin de facilitar o acceso ao mercado laboral.

MEDIDA NOVA

Medida 1.b. Convenios de colaboración con colexios profesionais:
Colexio profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 301

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Realización de accións de formación, dirixidas aos profesionais das TIC co fin de facilitar o acceso ao mercado laboral.



Medida 2. Axudas para prácticas non remuneradas nunha institución da UE

Fundación Galicia Europa

Persoas beneficiarias: 6

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Realización, por parte dos titulados universitarios, de prácticas non remuneradas en institucións europeas, co fin de profundizar no coñecemento de temas europeos.

Medida 3. Bolsas para prácticas na Fundación Galicia Europa en temas relacionados co UE

Fundación Galicia Europa

Persoas beneficiarias: 15

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Especialización en temas da UE a través de formación en prácticas nas oficinas da Fundación Galicia Europa .

Medida 4. Bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio

D.X. de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

Persoas beneficiarias: 4

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Facilitar o complemento dos coñecementos teóricos adquiridos nos seus estudos cunha formación práctica que lles permita afrontar con maiores garantías o seu futuro profesional e facilitar o seu acceso ao mercado laboral.



Medida 5. Bolsas de colaboración en departamentos

Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 35

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Iniciarse en tarefas de docencia e investigación directamente vinculados cos estudos realizados.

Medida 6. Liñas de axuda para bolsas de formación en prácticas nos centros de formación e experimentación agroforestal e en empresas relacionadas co sector agroforestal e alimenticio e en unidades da Consellería do Medio Rural

D.X. de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais
(Consellería de Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 75

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Complementar os coñecementos teóricos adquiridos nos estudos profesionais da familia agraria cunha formación práctica que facilita o acceso ao mundo laboral.

Medida 7. Bolsas de estudo para estudantes de xornalismo

Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 19

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Servir de complemento á formación dos estudantes de xornalismo e comunicación audiovisual.



Medida 8. Bolsas de formación en oficinas de información turística Consellería de Cultura e Turismo

Persoas beneficiarias: 62
 Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:
 Formar profesionalmente mediante a realización de prácticas nas oficinas de información turística aos beneficiarios das axudas, tratando de facilitar o seu acceso ao mercado laboral.

Medida 9. Bolsas de formación para as persoas tituladas en ciclos formativos de acuicultura Consellería do Mar

Persoas beneficiarias: 3
 Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:
 Facilitar o tránsito con éxito ao mercado laboral mediante o perfeccionamento da formación profesional.

Medida 10. Bolsas de formación en biblioteconomía Consellería de Cultura e Turismo

Persoas beneficiarias: 31
 Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas



Obxectivos acadados:
 Formación de profesionais bibliotecarios para a rede de Bibliotecas de Galicia.

Medida 11. Axudas económicas para a realización de formación práctica en empresas D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar)

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:
 Axudas económicas destinadas ao alumnado matriculado nos últimos cursos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional impartidos en centros dependentes da Consellería do Mar.



Medida 12. Curso de Certificado de percebeiro/a, mariscador/a e mergullo profesional

Consellería do Mar

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Favorecer o acceso da xente nova ás profesións de mariscador/a a pé, percebeiro/a e mariscador/a mergullador/a.

Medida 13. Bolseiros/as no exterior

Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga)

Persoas beneficiarias: 19

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Impulsar a creación de capital humano especializado no ámbito da internacionalización, contribuíndo á proxección do tecido empresarial galego.

Medida 14. Bolseiros/as de promoción exterior

Instituto Galego de Promoción Económica (Igapec)

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Formar a especialistas no ámbito da promoción exterior a través de bolsas de formación para a realización dun curso de especialización en comercio exterior que se complementa cunha especialización práctica obtida en centros concertados polo IGAPE, incrementando a empregabilidade dos beneficiarios e colaborando na internacionalización do tecido empresarial galego.

MEDIDA NOVA

Medida 15. Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais"

Fundación Galicia Europa

Tipo de axudas: Publicacións

Obxectivos acadados:

Dotar aos estudantes e licenciados/as dunha ferramenta que lles permita coñecer a oferta formativa na UE e outros organismos internacionais, así como encamiñar a súa carreira profesional.



OBXECTIVO OPERATIVO 4

Mellorar a cualificación profesional a través de servizos de información e formación actualizada e especializada para a mocidade en situación de desemprego

Medida 1. Itinerarios de inserción

Consellería de Traballo e Benestar

Tipo de actividade: Información e/ou asesoramento

Obxectivos acadados :

Informar e orientar laboralmente, a través de itinerarios personalizados de inserción profesional dirixidos a mellorar as posibilidades de ocupación da poboación en xeral e da mocidade en particular.

Medida 2. Modernización do servizo público de emprego

Consellería de Traballo e Benestar

Persoas beneficiarias: 31.706

Tipo de actividade: Formación



Obxectivos acadados :

Informar e orientar laboralmente a través de itinerarios personalizados de inserción profesional dirixidos a mellorar as posibilidades de inserción.

Medida 3. Programas mixtos de formación e emprego

D.X. de Promoción do Emprego (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 1.025

Tipo de actividade: Outras (inserción)

Obxectivos acadados :

Contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.



Medida 4. Formación para o emprego de persoas ocupadas e desocupadas D.X. de Formación e Colocación (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 8.759 (ocupados) e 9.118
(desocupados)

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Mellorar a cualificación das persoas, incluída a mocidade galega, que ou ben está desempregada para aumentar a súa empregabilidade, ou ben está ocupada, para mellorar o seu desempeño profesional.

Medida 5. Cursos dirixidos a voluntarios e voluntarias do sistema de protección civil de Galicia Academia Galega de Seguridade Pública

Persoas beneficiarias: 1.449

Tipo de actividade: Cursos



Obxectivos acadados:

Facilitar a incorporación de voluntarios de protección civil a traballos relacionados coa xestión de riscos e emerxencias.

Medida 6. Cursos de aptitude empresarial agraria D.X. de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais (Consellería do Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 202

Tipo de actividade: Cursos



Obxectivos acadados:

Facilitar a incorporación á titularidade das explotacións agrarias galegas.

Medida 7. Centros ocupacionais para persoas con discapacidade D.X. de Dependencia e Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 585

Tipo de actividade: Formación

Obxectivos acadados:

Atención diurna de tipo ocupacional a persoas con discapacidade maiores de 18 anos (especialmente xente nova), para facilitar o desenvolvemento das súas capacidades e favorecer a súa calidade de vida.

Medida 8. Programa de Formación Ocupacional para mulleres

Secretaría Xeral de Igualdade (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 705

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Formación precualificación para inserción laboral de mulleres desempregadas e/ou inactivas.

**Medida 9/10. Programa de formación profesional de persoas con discapacidade
Programa de formación ocupacional dirixido a persoas con discapacidade
de física gravemente afectadas**

D.X. de Dependencia e Autonomía Persoal
(Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 285 (persoas con discapacidade) e 292 (persoas con discapacidade gravemente afectadas)

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Fomentar a inserción laboral de persoas con especiais dificultades, principalmente mulleres novas con discapacidade, para acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no eido laboral.



OBXECTIVO OPERATIVO 5

Informar e sensibilizar a mocidade en materia de prevención de riscos laborais no eido do emprego

Medida 1: Campaña do ISSGA na feira Xuventude Galicia Net

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Persoas beneficiarias: 1.600

Tipo de actividade: Campañas
(divulgación)



Obxectivos acadados:

Divulgar a actuación do Instituto entre os/as mozos/as e informar e prestar asesoramento en materia de seguridade e saúde laboral para adopción de hábitos de traballo seguros.

Medida 2: Campaña movemento contra a Lei de Murphy 2010

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Persoas beneficiarias: 33.895

Tipo de actividade: Campañas

Obxectivos acadados:

Comunicar os efectos da anticipación, a formación e a concienciación como elementos básicos na prevención de riscos no traballo mediante mensaxes adaptadas ao público obxecto da campaña (alumnado FP).



EIXES TRANSVERSAIS

EIXO DE ACCIÓN 3

**CREATIVIDADE E ESPÍRITO
EMPRESARIAL**



OBXECTIVO OPERATIVO 1

Fomentar entre a mocidade o cultivo do espírito creativo e innovador

Medida 1: Axudas para a creación de banda deseñada galega durante o ano 2010

D.X. de Promoción e Difusión da Cultura (Consellería de Cultura e Turismo)

Persoas beneficiarias: 12

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Apoiar a creatividade dos autores galegos no cómic galego permitíndolle abordar proxectos creativos ambiciosos, así como favorecer a edición de historias de banda deseñada en galego.



Medida 3: Programa FP plus

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Persoas beneficiarias: 12.833

Tipo de actividade: Outras

Obxectivos acadados:

Impulsar e promover iniciativas emprendedoras para o alumnado de formación profesional (FP) de Galicia a través de catro liñas de traballo (FP Idea, FP Simula, FP Avanza e FP Emprende).

**Medida 4: Premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural**

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Persoas beneficiarias: 2

Tipo de actividade: Outras (premios)



Obxectivos acadados:

Galardoar aos/as promotores/as novos/as daquelas iniciativas que, no seo da Comunidade Autónoma de Galicia, contribúan de xeito singular á promoción do medio rural e á xeración dunha sociedade rural máis dinámica e cohesionada.

OBXECTIVO OPERATIVO 2

Facilitar espazos e materiais onde se difunda e sexa unha mostra latente do que é ou pode chegar a ser a creatividade como punto de inicio para o desenvolvemento das ideas empresariais

Medida 1: Exposición Galicia Dixital

Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 90.231

Tipo de actividade: Información

Obxectivos acadados:

Exposición para dar a coñecer as novas tecnoloxías de contidos multimedia e audiovisual.



Medida 2: Cooperativízate

Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social. D.X. de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 1.894

Tipo de actividade: Información

Obxectivos acadados:

Facilitar o coñecemento pola mocidade galega dunha forma de autoemprego alternativa como é o cooperativismo.

Medida 3: Teleformación cooperativa

Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social. D.X. de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 1617

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Achegar as novas tecnoloxías de información e comunicación ás cooperativas galegas.



Medida 4: Outono Fotográfico 2010

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Participantes: 70 (galerías de arte, casas da cultura, museos, fundacións e asociacións) e 119 novos creadores

Tipo de actividade: outras

Obxectivos acadados:


Achegar á mocidade galega todo tipo de actividades relacionadas coa imaxe (proxeccións, cursos, concursos e talleres) e proporcionar un espazo de participación para entidades culturais.

Medida 5: 100 mulleres galegas. Artistas emerxentes

Secretaría Xeral de Igualdade (Presidencia)

Persoas beneficiarias: A mocidade, en xeral

Tipo de actividade: Publicacións



Obxectivos acadados:

Visualización e divulgación da obra artística das mulleres galegas. Realizáronse 1000 publicacións.

Medida 6: Elas teñen a palabra

Secretaría Xeral de Igualdade (Presidencia)

Persoas beneficiarias: A mocidade, en xeral

Tipo de actividade: Publicacións

Obxectivos acadados:

Visualización e divulgación entre a sociedade dos novos talentos da literatura galega, nomeadamente escrita por mulleres. Realizáronse 3000 publicacións.

elas teñen
a palabra



OBXECTIVO OPERATIVO 3

Establecer liñas de axuda para que a mocidade poida facer realidade as súas ideas empresariais

Medida 1: Axudas ao autoemprego empresarial e profesional

D.X. de Tributos (Consellería de Facenda)

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Fomento do autoemprego a través da dedución de 300 € para aqueles mozos e mozas de 35 anos e mulleres de calquera idade ao darse de alta no censo de empresarios profesionais.

Medida 2: Axudas á primeira instalación de agricultores mozos e mozas como titulares, cotitulares ou socios/as de explotacións do sector agrario galego

D.X. de Producción Agropecuaria (Consellería de Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 287

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar o acceso aos mozos e mozas á titularidade de explotacións agrarias, o que contribuíu a asegurar a súa competitividade, a continuidade do tecido agrario, e o seu rexuvenecemento, así como o mantemento da poboación xuvenil no medio rural.

Medida 4: Subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos e pequenas comerciantes ou promotores e promotoras de comercios do rural que se adhiran á rede de comercio rural galego

D.X. de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

Persoas beneficiarias: 5

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Mellorar a dotación e dinamización do comercio rural, a través de liñas de axudas para comerciantes, entre eles persoas novas comerciantes.



Medida 5: Programa de axudas para a promoción e difusión do sector audiovisual

Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)

⇒ **Axudas para a coproducción de longametraxes cinematográficas entre empresas produtoras independentes de Galicia e Brasil**

Persoas beneficiarias: 2

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Achegar á cidadanía as novas tecnoloxías dando a posibilidade de formarse e mellorar os seus coñecementos gratuitamente en diversas áreas e servizos das redes (orientación laboral, redes sociais, lecer...).

⇒ **Bolsas para a matriculación nas escolas de idiomas para a realización de curso de inglés audiovisual**

Persoas beneficiarias: 22

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Bolsas de axuda para sufragar o 50% do custe da matrícula do estudo.

⇒ **Concurso “cine e televisión. Cara e cruz”**

Persoas beneficiarias: 50

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Facilitar a formación en materia audiovisual a través da organización conxunta co Consorcio Audiovisual de Galicia e Fundación Carlos Casares de actividades de formación en materia audiovisual.

⇒ **Actividades de formación en materia audiovisual**

Persoas beneficiarias: 200

Tipo de actividade: Xornadas

Obxectivos acadados:

Organización conxunta co Consorcio Audiovisual de Galicia e a Fundación da Universidade da Coruña de actividades de formación en materia audiovisual: Foros e xornadas de comercialización internacional de contidos audiovisual.



⇒ Actividades de formación en materia audiovisual dirixidas a profesionais do sector

Persoas beneficiarias: 400

Tipo de actividade: Cursos

Obxectivos acadados:

Apoiar a formación en materia audiovisual impartida por expertos/as europeos/as dirixida a profesionais do sector, organizada polo Consorcio Audiovisual de Galicia e o Consorcio do Festival Internacional de Cine Independente de Ourense. Ten como obxectivos dar a coñecer as novas tendencias creativas, tecnolóxicas, financeiras e de coprodución internacionais.

⇒ Espazo de colaboración en materia audiovisual entre España e o mundo árabe

Persoas beneficiarias: 4.880

Tipo de actividade: Xornadas

Obxectivos acadados:

Crear un espazo de colaboración en materia audiovisual entre España e o mundo árabe para potenciar ambas industrias emerxentes.

⇒ Organización de actividades para a formación, promoción e difusión do sector audiovisual galego

Persoas beneficiarias: 100

Tipo de actividade: Xornadas

Obxectivos acadados:

Contribuír á formación, promoción e difusión do sector audiovisual galego, a través das xornadas de cine e vídeo en Galicia, en colaboración con outras entidades.



Medida 6: Fondos Xes-Innova Xove

Consellería de Economía e Industria

Persoas Beneficiarias: A mocidade en xeral
Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:
Mellorar e completar o abano de apoios a proxectos innovadores impulsados por novos/as emprendedores/as así como promover a aparición de novas iniciativas empresariais e a consolidar o desenvolvemento das empresas que xa iniciasen a súa traxectoria.

Medida 7: Re-emprende 2010

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Persoas Beneficiarias: A mocidade en xeral
Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:
Apoiar investimentos impulsados por novos/as emprendedores/as facilitando a creación de pequenas e medianas empresas ou realizar investimentos en pequenas e medianas empresas de nova creación promovidas por novos/as emprendedores/as.

Medida 8: Re-imaxina

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Persoas beneficiarias: A mocidade en xeral
Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:
Poñer en marcha novas empresas ou mellorar a competitividade de negocios ou asociacións xa existentes, a través de liñas de axuda para a financiación de investimentos de pemes.



EIXES TRANSVERSAIS

EIXO DE ACCIÓN 4

VIVENDA



OBXECTIVO OPERATIVO 1

Establecer liñas de axuda para facilitar o acceso a unha vivenda, en réxime de aluguer, na mocidade

Medida 1/ Medida 2/ Medida 3/Medida 4/Medida 5:
Acceso da xuventude á vivenda en réxime de alugamento

Instituto Galego de Vivenda e Solo

⇒ Axudas para a promoción de aloxamentos protexidos dirixidos a colectivos especialmente vulnerables

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Incentivar a construción deste tipo de inmobles destinados, nunha grande parte, para aluguer na xente moza.

⇒ Programa Aluga

Persoas beneficiarias: 4.070

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar o acceso a unha vivenda en aluguer, intentando favorecer que os colectivos con maior dificultade no acceso á vivenda (entre eles a xente moza) podan optar a un aluguer con rendas asequibles.



⇒ Renda Básica de Emancipación

Persoas beneficiarias: 5.616

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar o acceso a unha vivenda en aluguer, a través de axudas mensuais ao aluguer.



⇒ Adxudicación das vivendas de promoción pública en réxime de alugamento

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar o acceso a unha vivenda de promoción pública en aluguer.

⇒ Axudas xerais do Plan de vivenda

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar o acceso a unha vivenda en aluguer.

Medida 6: Dedución do IRPF por alugamento de vivenda habitual

D.X. de Tributos (Consellería de Facenda)

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar o acceso a vivenda mediante o incentivo da dedución dun 10% (con límite de 300€) en concepto de alugamento da súa vivenda habitual.



OBXECTIVO OPERATIVO 2

Establecer liñas de axuda para a mocidade co fin de facilitar a adquisición dunha vivenda en propiedade

Medida 1/Medida 2/ Medida 3/ Medida 4/ Medida 5/Medida 6:
Acceso da xuventude á vivenda en propiedade

Instituto Galego de Vivenda e Solo

⇒ Axudas para a compra dunha vivenda a través do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, mediante o recoñecemento do dereito ao financiamento estatal

Persoas beneficiarias: 556

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar o acceso á xuventude a unha vivenda en propiedade, intentando favorecer así a un colectivo que ten máis dificultades para conseguir comprar unha vivenda.

⇒ Axudas para a compra de vivendas dentro do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, mediante incentivos á adquisición dunha vivenda usada, mediante recoñecemento do dereito ao financiamento estatal

Persoas beneficiarias: 138

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións



Obxectivos acadados:

Facilitar o acceso á vivenda mediante a concesión de axudas a mocidade para adquirir unha vivenda usada en propiedade.

⇒ Axudas para a rehabilitación privada, mediante axudas autonómicas e xestión de axudas estatais, co fin de mellorar a conservación do noso patrimonio histórico e rural

Persoas beneficiarias: 1.260

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Axudar a rehabilitación privada de vivendas mediante a concesión de axudas.



⇒ Axudas para a autopromoción de vivendas protexidas dentro do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar o acceso á vivenda coa construción para uso propio dunha vivenda protexida, mediante o recoñecemento do dereito ao financiamento estatal.

⇒ Adxudicación das vivendas de promoción pública, mediante o establecemento de reservas para menores de 35 anos

Persoas beneficiarias: 15

Obxectivos acadados:

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Facilitar a compra dunha vivenda de promoción pública por parte da mocidade.

⇒ Axudas xerais do Plan de vivenda

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar a compra dunha vivenda por parte da mocidade.

Medida 7: Tipo reducido (4%) no ITP e AXD na adquisición de vivenda Habitual para menores de 36 anos

D.X. Tributos (Consellería de Facenda)

Persoas beneficiarias: 7.222

Obxectivos acadados:

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Facilitar o acceso a vivenda en propiedade a través da redución do ITP (4%) e AXD (0,03%) para menores de 36 anos.



Medida 8: Redución no ISD nas doazóns de diñeiro a fillos e fillas descendentes menores de 35 anos destinados á adquisición da súa primeira vivenda habitual

D.X. Tributos (Consellería de Facenda)

Persoas beneficiarias: 222

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións

Obxectivos acadados:

Facilitar a adquisición da primeira vivenda habitual a través da redución do 95% da base impoñible no ISD en doazóns de diñeiro ata 60.000 € a fillos e fillas descendentes menores de 35 anos.



EIXES TRANSVERSAIS

EIXO DE ACCIÓN 5

SAÚDE E DEPORTE



OBXECTIVO OPERATIVO 1

Promover o desenvolvemento de programas entre a xuventude para a adquisición de hábitos de vida saudables e prevención de condutas de risco

Medida 1: Escolas sen fume

D.X. de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)

Persoas beneficiarias: 5.795

Tipo de actividade: Campañas



Obxectivos acadados:

Adquirir coñecementos en tabaquismo dende unha perspectiva lúdica, potenciando as habilidades e a autoeficacia da mocidade para manterse como non fumadores/as.

Medida 2: Programas de prevención de drogodependencias coa poboación xuvenil

D.X. de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)

Persoas beneficiarias: 150.000

Tipo de actividade: Campañas

Obxectivos acadados:

Informar e traballar entre a mocidade a prevención do consumo de drogas.

MEDIDA NOVA

Medida 2: Charlas de prevención de condutas de risco

D.X. de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)

Persoas beneficiarias: 42.772

Tipo de actividade: Campañas

Obxectivos acadados:

Dar resposta ás demandas dos centros educativos, a través de charlas interactivas sobre a prevención do consumo de tabaco e outras drogas.



OBXECTIVO OPERATIVO 2

Desenvolver campañas para fomentar entre a mocidade actitudes preventivas no que á súa saúde se refire

Medida 1: Campaña de prevención de infeccións de transmisión sexual na mocidade D.X. de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)

Persoas beneficiarias: 100.000

Tipo de actividade: Campañas

Obxectivos acadados:

Informar sobre as infeccións de transmisión sexual ITS, características, síntomas máis frecuentes e medidas de prevención das ITS. Distribución de preservativos.

Medida 2: Campaña de prevención VIH en escolares. Plan de Acción AntiVIH/SID D.X. de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)

Persoas beneficiarias: 150.000

Tipo de actividade: Campañas

Obxectivos acadados:

Informar sobre a infección VIH e a sida, vías de transmisión e medidas de prevención.

Medida 3: Campaña de vacinación fronte ao virus do papiloma humano (VPH) D.X. de Saúde Pública e Planificación (Consellería de Sanidade)

Persoas beneficiarias: 7.878

Tipo de actividade: Campañas

Obxectivos acadados:

Reducir infeccións polo virus do papiloma humano e as súas consecuencias, fundamentalmente o cancro de cérvix, mediante a campaña de vacinación das rapazas.



OBXECTIVO OPERATIVO 3

Establecer liñas de apoio para o fomento da práctica deportiva entre a mocidade galega

Medida 1: Convocatoria de axudas aos/ás deportistas galegos/as de alto nivel

Fundación Deporte Galego

Persoas beneficiarias: 206

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

Posibilitar o desenvolvemento do seu rendemento deportivo de deportistas galegos de alto nivel, sendo de interese para a promoción do deporte.

**Medida 2: Programas de tecnificación e rendemento no centro galego de tecnificación deportiva**

Fundación Deporte Galego

Persoas beneficiarias: 173

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados:

